

2026



**PAZO DA
CULTURA**
Concello de Narón

MÚSICA
TEATRO
MUSICAL
INFANTIL
CIRCO
DANZA

PROGRAMACIÓN

SETEMBRO / OUTUBRO / NOVENBRO / DECEMBRO

PROGRAMACIÓN

SETEMBRO / OUTUBRO / NOVIEMBRE / DICIEMBRE

-2026-

SETEMBRO

Sábado 12 20:00 horas Café-Teatro do Pazo da Cultura	Musica Rock JUAN DEIVE Presentación do disco INVIERNO RUBÍ
Sábado 26 20:00 horas Pazo da Cultura	Comedia MORRAOCONTO TROMSØ

OUTUBRO

Sábado 3 20:00 horas Pazo da Cultura	Comedia TALÍA TEATRO ARTUR UI, O OVO DA SERPE
Sábado 10 20:00 horas Pazo da Cultura	Comedia CONTRAPRODUCCIÓN MEMORIAS DUN NENO LABREGO
Venres 16 20:30 horas Sábado 17 20:00 horas Pazo da Cultura	Drama PRODUCCIÓN ALTERNATIVA CONTEMPORÁNEA OFF MALQUERIDA
Sábado 24 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro Clásico COMPAÑÍA CRIOLLA (Arxentina) SUEÑO
Sábado 31 20:00 horas Pazo da Cultura	Música FILLAS DE CASSANDRA TERTÚLIA

Esta programación poderá sufrir cambios

Todas as representacións terán lugar no Pazo da Cultura agás onde se especifique o contrario

Despacho de billetes:
De luns a sábados
9:30 a 14:00 horas
17:00 a 20:30 horas
Teléf. 981 102 897
(Despacho de billetes)
taquilla.pazo@naron.gal

NOVEMBRO

Venres 6 20:30 horas Sábado 7 20:00 horas Pazo da Cultura	Drama - Biopic poético EMPATÍA TEATRO (ESTREA) CURIE, OU A SIMETRÍA DOS FENÓMENOS FÍSICOS
Venres 13 20:30 horas Pazo da Cultura	Comedia CONTRAPRODUCCIÓN YO SOLO QUIERO IRME A FRANCIA
Sábado 14 20:00 horas Pazo da Cultura	Musical ABBA THE NEW EXPERIENCE REVOLUTION TOUR
Domingo 15 18:00 horas Café-Teatro do Pazo da Cultura	Teatro para a primeira infancia CARAMUXO TEATRO FORMAS
Sábado 21 20:00 horas Pazo da Cultura	Traxicomedias MIXTOLOBO E PENTACIÓN ESPECTÁCULOS LA PASIÓN INFINITA
Domingo 22 19:00 horas Pazo da Cultura	Música Rock TERTULIA PRODUCCIÓN SIMPLY THE BEST TRIBUTO A TINA TURNER
Xoves 26 20:30 horas Pazo da Cultura	Ballet CLASSIC STAGE EL CASCANUECES
Sábado 28 20:00 horas Pazo da Cultura	Música DE VACAS VACANAL SINFÓNICA
Domingo 29 18:00 horas Pazo da Cultura	Comedia GHAZAFELHOS (ESTREA) PANXEA

DECEMBRO

Domingo 13 18:00 horas Pazo da Cultura	Novo Circo XAMPATITO PATO COMPAÑA
Mércores 16 20:30 horas Pazo da Cultura	Música Gospel NEW ORLEANS GOSPEL CHOIR MARDI JASS PARTY
Sábado 19 20:00 horas Pazo da Cultura	Música jazz IVÁN MELÓN LEWIS&THE CUBAN SWING EXPRESS THE CUBAN SWING EXPRESS
Domingo 20 18:00 horas Pazo da Cultura	Danza / Circo contemporáneo RAUXA ANÓNIMOS

Sábado 12 de setembro

20:00 | Café-Teatro do Pazo da Cultura

MÚSICA ROCK



Todos os públicos | 70 minutos | castelán

JUAN DEIVE

Presentación do disco INVIERNO RUBÍ

Invierno Rubí é o novo traballo discográfico de Juan Deive, un álbum que combina rock en español independente, melancolía e unha profunda carga lírica. Composto por sete temas, este disco foi producido xunto a Juan de Dios Martín e reflicte unha evolución sonora íntima, persoal e honesta. Desde os matices acústicos ata as capas electrónicas sutís, Invierno Rubí é unha obra que invita a ser escoitada con calma, atención e alma.

"O meu nome é Juan Deive. Nacín en Venezuela e desde 1997 vivo en Madrid, onde comezou o meu camiño artístico entre estudos de arte dramática, noites cantando en pequenos clubs e unha procura constante por contar o que sinto a través da música.

O meu universo sonoro é amplo: crecín con Elvis, Soda Stereo, Soundgarden, Alice in Chains... e cada un deixou pegada. Formei parte de bandas como El Ruído Maldito ou L4 REDE, compuxen para documentais, proxectos sociais e editoriais internacionais. Pero máis aló dos nomes, o que me move é a emoción. A honestidade. O poder dunha canción para tocar unha fibra."

PREZO: Público xeral: 15,00 €

ESPECTÁCULO FÓRA DE ABONO

Sábado 26 de setembro

20:00 | Pazo da Cultura

COMEDIA



Adulto | 80 minutos | galego

MORRAOCONTO

TROMSØ

Cando un ser querido nos deixa, o baleiro que queda éñchenos dun silencio que, ás veces, nunca conseguimos facer desaparecer.

Un silencio que se aferra ao corazón apagando para sempre parte da súa luz.

Tromsø é unha reflexión en clave de humor dende a perda. Sobre a vida, a morte e todo o que queda entre medias.

É un canto á tristura pero tamén á esperanza. Unha viaxe épica polos mares do norte, navegando tormentas, fiordos e enormes cardumes de arenque, na procura de respostas nun lugar onde as candorcas, co seu canto, desgarran o silencio salvaxe da aurora boreal.

TROMSØ é un proxecto que hibrida teatro, danza e música en directo.

Premios María Casares: Mellor Espazo Escénico, Mellor Iluminación

Intérpretes: Miguel Gendre - Lara Pouso, Lidia Veiga - Julia Ammerman - Lucía Iglesias

Dramaturgia e dirección: Rafa R. Martínez

Música: Julia Ammerman - Lucía Iglesias

Iluminación: José Faro (Coti)

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Sábado 3 de outubro

20:00 | Pazo da Cultura

COMEDIA



Adulto | 95 minutos | galego

TALÍA TEATRO

ARTUR UI, O OVO DA SERPE

Artur Ui, o ovo da serpe é unha aposta por contar o momento actual a través da lente crítica e irónica do teatro épico.

Máis aló de ser unha homenaxe a un clásico do século XX, esta produción explora con profundidade crítica os mecanismos de poder, a natureza do autoritarismo e as súas manifestacións ao longo da historia, establecendo un paralelismo claro co momento actual no que o fascismo asoma novamente o fuciño fóra do ovo.

Autoría: Bertold Brecht

Dirección: Quico Cadaval

Adaptación: Quico Cadaval - Diego Rey

Reparto:

Toño Casais - Marta Lado - Dani Trillo - María Ordóñez
Marta Ríos - Diego Rey - Xurxo Barcala - Artur Trillo

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Sábado 10 de outubro

20:00 | Pazo da Cultura

COMEDIA



Todos os públicos (a partir de 10 anos) | 100 minutos | galego

CONTRAPRODUCCIÓNS

MEMORIAS DUN NENO LABREGO

Balbino é un neno de aldea, fillo de labregos pobres, que medra nun mundo de silencios, traballo e obediencia. A súa voz sincera e sensible narra a vida cotiá nunha aldea galega dos anos corenta.

A escola, a familia, os soños frustrados, as inxustizas sociais e o desexo constante de fuxir dun destino xa escrito, describindo en gran medida o panorama común da España rural daqueles duros anos.

Nunha historia que se estrutura arredor dunha serie de recordos, que van dende a inxenua tenrura da infancia ata a crúa conciencia das desigualdades, recreáanse as pasaxes máis representativas da novela de Neira Vilas: o maltrato escolar, a violencia doméstica, a perda do amigo ou dun animal querido, a frustración do primeiro amor, a dureza do traballo, a emigración, a represión e a angustia de sentirse diferente. Pero tamén os costumes e celebracións festivas da aldea, ou as esperanzas e alegrías que, a pesar de todo, pode ofrecer a vida.

Dramaturxia e dirección: Cándido Pazó

Reperto:

Xúlio Abonjo - Manuel Cortes - Iris Darriba, Mónica García - Federico Pérez Rey - Santi Romay - Ana Santos

Unha coprodución do Centro Dramático Galego e Contraproducións

Espectáculo programado dentro da MOTIX 2026

PREZOS: Público xeral: 12,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 8,40 €

Menores de 14 anos: 5,50€

Venres 16 e sábado 17 de outubro

Venres 20:30 / sábado 20:00 | Pazo da Cultura

DRAMA



Adulto | 80 minutos | castelán

PRODUCCIÓN ALTERNATIVA CONTEMPORÁNEA OFF **MALQUERIDA**

Na facenda de verán de Esteban e Raimunda, celébrase a pedida de voda de Acacia con Faustino. Ao quedar Raimunda viúva contraeu matrimonio con Esteban, odiado pola súa fillastra. A traxedia cérnese cando matan o noivo a noite da pedida. Os fillos do Tío Eusebio, pai do asasinado, acusan o sobriño de Raimunda, quen foi o primeiro pretendente de Acacia, pero outros no pobo saben que é inocente.

Comeza a escoitarse unha copla polas rúas: "O que queira á do Soto... ten pena da vida. Por querela quen a quere dinlle... a Malquerida" O cerco estréitase e os desexos ocultos e prohibidos empezan a aflorar. O Rubio, capataz da facenda, alimenta as rivalidades entre as familias. Raimunda decidida a descubrir a verdade, non descansará ata atopar esa luz que, como o lume, arrasará todos os seus soños.

Dirección: Natalia Menéndez

Adaptación: Natalia Menéndez - Juan Carlos Rubio

Reparto:

Aitana Sánchez-Gijón - Juan Carlos Vellido - Lucía Juárez -
Goizalde Núñez - Dani Pérez Prada - José Luis Alcobendas -
Alex Mola - Antonio Hernández Fimia.

PREZOS: Público xeral: 18,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudiante (ata 25 anos): 12,60 €

Sábado 24 de outubro

20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO CLÁSICO



Todos os públicos (a partir de 8 anos) | 60 minutos | castelán

COMPAÑÍA CRIOLLA (ARXENTINA)

SUEÑO

Unha compañía de artistas xúntanse no bosque para ensaiar unha obra, sen darse conta de que ese lugar está infestado de seres máxicos dispostos a xogar caprichosamente coas súas emocións. Ou é que os verdadeiros desexos maniféstanse libres lonxe das imposicións?

A partir de Sueño de una noche de verano, de William Shakespeare

Esta vez, catro interpretes serán os encargados de personificar a todos os personaxes da obra orixinal, nun verdadeiro bulebule teatral, infestado de ritmo, despregamento físico, poesía, música, humor e moito amor.

Espectáculo gañador do Certame Internacional Barroco Infantil do Festival Internacional de Teatro Clásico de Almagro en 2024

Dramaturxia e dirección: Emiliano Dionisi

Reperto: Mercedes Torre - Marina Caracciolo - Tomás Castiglione - Emiliano Dionisi

Espectáculo programado dentro da MOTIX 2026

PREZOS: Público xeral: 12,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 8,40 €

Menores de 14 anos: 5,50€

Sábado 31 de outubro

20:00 | Pazo da Cultura

MÚSICA



Todos os públicos | 75 minutos | galego

FILLAS DE CASSANDRA

TERTÚLIA

Fillas de Cassandra, grupo conformado polas músicas viguesas María Soa e Sara Faro, é un dos proxectos galegos máis recoñecidos da actualidade na península, con presenza destacada tanto en festivais como en feiras profesionais.

En 2026 publican *Tertúlia*, o seu segundo disco: un álbum creado por Fillas de Cassandra, con produción musical compartida con Çantamarta e editado por Altafonte.

Tertúlia desvela o cotiá, movéndose entre a provocación e a tenrura, toma a forma dunha tarde de cháchara á fresca coas veciñas, dunha chamada entre amigas, dun baile ata a extenuación.

Fillas de Cassandra presentan este segundo álbum logo de publicar en 2025, *Hibernarse*, un proxecto expandido en formato EP, fanzine e videofilme que reflexiona sobre a pausa necesaria para os procesos creativos.

Tras máis de 130 concertos nos dous últimos anos e despois de se converteren nunha das grandes revelacións do panorama musical grazas ao seu álbum debut *Acrópole* e á xira *Últimas Dionisiacas*, o dúo presenta novo espectáculo cunha proposta sonora e estética que transita da casa á praza, da sobremesa á verbena. Un directo enérxico e alborotador no que o público é parte da *tertúlia*.

PREZOS: Público xeral: 24,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudiante (ata 25 anos): 16,80 €

Venres 6 e sábado 7 de novembro

Venres 20:30 / Sábado: 20:00 | Pazo da Cultura

DRAMA - BIOPIC POÉTICO



Adulto (a partir de 9 anos) | 80 minutos | castelán

EMPATÍA TEATRO (ESTREIA)

CURIE, OU A SIMETRÍA DOS FENÓMENOS FÍSICOS

Un biopic teatral escrito e dirixido por Santiago Cortegoso, asesorado polas biógrafas oficiais Belén Yuste e Sonnia Rivas, que percorre a vida de María Skłodowska-Curie nunha viaxe emocional desde a súa infancia nunha Polonia ocupada e marcada pola pobreza, pasando pola precariedade dos seus anos de formación en París, ata converterse na primeira persoa da historia (e única en dúas categorías científicas diferentes) en obter dous Premios Nobel.

Entre o rigor documental e unha linguaxe cargada de poesía, a narración establece unha metáfora entre o universo físico e o universo interior da protagonista: desde o Big Bang e a materia invisible ata as partículas máis pequenas, a vida de Curie aparece como unha forza en expansión. O amor por Pierre e a súa paixón absoluta pola ciencia preséntanse como dous eixes simétricos dunha mesma enerxía: a necesidade humana de comprender a realidade e de deixar luz onde antes só había escuridade.

Dramaturxia, adaptación e dirección: Santiago Cortegoso

Reparto: Elisardo de la Cruz - Vicky Sas

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudiante (ata 25 anos): 6,65 €

Menores de 14 anos: 5,50€

Venres 13 de novembro

20:30 | Pazo da Cultura

COMEDIA



Adulto | 90 minutos | castelán

CONTRAPRODUCCIÓN

YO SOLO QUIERO IRME A FRANCIA

Canto pesan as herdanzas emocionais, esas que ninguén reclama, pero que adoecen a xeracións?

Non só o proceso de escribir a Pilar, a nosa protagonista, senón tamén as miñas propias memorias das historias que me contaba a miña avoa acompañáronme durante todo o proceso de escritura.

O seu “Eu: Ver, oír, e calar”, tantas veces dito á miña nai, as miñas irmás e a min, é algo que, aínda que non me pertence directamente, segue vivo a través de min. Herdanzas similares acompañan aos catro personaxes desta obra.

Pilar, unha anciá que só é capaz de enfrontarse á vida no seu propio velorio. Marisol, que foxe para atopar un lugar onde librarse da culpa. Leo, que viaxa polo mundo escapando do desexo de ter un fogar. Inés, quen, na súa obsesión por indagar no pasado, espera entenderse a si mesma.

En realidade, todas elas buscan ese lugar que imaxinan. Algúns o chamamos liberdade. Outros o chamaron Francia.

Dramaturxia e Dirección: Elisabeth Larena

Reperto:

María Galiana - Nieve de Medina - Anna Mayo - María Roja

PREZOS: Público xeral: 16,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 11,20 €

Sábado 14 de novembro

20:00 | Pazo da Cultura

MUSICAL



Todos os públicos | 120 minutos | inglés

ABBA THE NEW EXPERIENCE **REVOLUTION TOUR**

Un tributo internacional que vai máis aló da homenaxe.

Tras 12 anos de traxectoria ininterrompida, ABBA THE NEW EXPERIENCE consolidouse como unha das bandas tributo máis salientables e exitosas do legado ABBA.

Emocionaron ao público en escenarios emblemáticos como o Palau da Música Catalá, Sant Jordi Club, Tarraco Area, Gran Teatro Príncipe Pío, Estadio Olímpico de Barcelona, Festival Internacional de Cambrils ou o Occident Summerfest Cerdanya, entre moitos outros.

Destacan especialmente as súas actuacións na Embaixada de Suecia en Madrid e, máis recentemente, a súa presentación no prestixioso Anfiteatro de Altos de Chavón (República Dominicana) en 2024, reafirmando a súa proxección internacional como referente global entre as bandas tributo a ABBA.

ABBA THE NEW EXPERIENCE presenta a súa proposta máis ambiciosa ata a data: un espectáculo que reimaxina e eleva a experiencia ABBA para o público actual, REVOLUTION TOUR.

Un concerto con todos os éxitos da banda sueca que combina tecnoloxía, escenografía, proxeccións e Intelixencia artificial. Unha viaxe sensorial e inmersiva ao universo ABBA, pensado para grandes teatros, auditorios e festivais.

Cantantes: Ana K. García - Mónica Vives - Juanma Sánchez Leal - Joaquín Catalán

Músicos: Xavi Lario (Guitarra) - Rafa Martín (Baixo) - Jonathan Argüelles (Batería) - Marc Ferrando (Teclado)

PREZOS: ESPECTÁCULO FÓRA DE ABONO

Patio de butacas: 38,00 €

Anfiteatro 1: 34,00 €

Anfiteatro 2: 32,00 €

Domingo 15 de novembro

18:00 | Café Teatro do Pazo da Cultura

TEATRO PARA A PRIMEIRA INFANCIA



Familiar e infantil (de 3 meses a 4 anos) | 30 minutos | galego

CARAMUXO TEATRO

FORMAS

FORMAS é o novo espectáculo para a primeira infancia de Caramuxo teatro: a terceira parte da triloxía que comezou con REDONDO e continuou con CATRO.

Varios puntos van camiñando cara unha liña. Paseniñamente a liña que camiña e camiña a un mesmo son vai deformando o seu aspecto ata converterse nunha gran circunferencia. Un círculo... Amarelo! Mais agarda! Porque algo se agocha detrás... Outra circunferencia!...

Vermella! E outra esfera, esta vez azul, sae ao fin do seu agocho. Por fin comeza a festa das cores!!!

FORMAS é unha peza visual para a primeira infancia que xoga coa transformación das figuras a través da danza, o teatro, a luz e os obxectos. Un espectáculo envolvente para gozar dunha das primeiras viaxes polo teatro.

Dramaturxia, Dirección e reparto:
Juan Rodríguez - Laura Sarasola

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Menores de 14 anos: 5,50€

Sábado 21 de novembro

20:00 | Pazo da Cultura

TRAXICOMEDIA



Adultos | 90 minutos | castelán

MIXTOLOBO E PENTACIÓN ESPECTÁCULOS

LA PASIÓN INFINITA

Non todos os sonhos se cumpren.

Desde que os seus ollos se abriron ao mundo, o único sonho de José Antonio foi o de ser actor. Pero non hai no mundo un actor peor que José Antonio. Non o hai. Desde pequeno, consciente da súa ausencia absoluta de calquera indicio de talento, toda a súa contorna intentou quitarlle a idea da cabeza. Pero a paixón de José Antonio é infinita. Daría calquera cousa polo teatro, daría calquera cousa por ser actor. O tempo pasou e José Antonio casouse con Asunción. E non é actor, traballa nunha fábrica de salgaduras mentres segue soñando ben forte. Nin a súa muller nin os seus amigos conseguen sacarlle a idea da cabeza. Non hai xeito. A paixón de José Antonio é infinita. Un día, á hora do almorzo, José Antonio abre o xornal e atopa un anuncio que cambiará para sempre a súa vida e a de todos os que lle rodean: "Búscase actor. Non se require experiencia". A partir de aquí, a súa paixón infinita non terá freo, nada nin ninguén poderá detelo xa, non hai xeito.

José Antonio preséntase ao casting e, ante o asombro de todos, é seleccionado. A traxicomedia está servida. Un director emerxente en horas moi baixas ve en José Antonio a viva reencarnación do esperpento e intentará facer da súa propia vida un espectáculo performático que non deixará indiferente a ninguén. José Antonio está disposto a dar a súa vida polo teatro. José Antonio está disposto a dar a súa vida pola súa paixón. E ti?

Dramaturxia e dirección: José Troncoso

Reparto: Pepón Nieto - Claudio Tolcachir - Ana Labordeta - Avelino Piedad / **Pianista:** Lola Barroso

PREZOS: Público xeral: 18,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 12,60 €

Domingo 22 de novembro

19:00 | Pazo da Cultura

MÚSICA ROCK



Todos os públicos | 120 minutos | inglés

TERTULIA PRODUCCIÓN

SIMPLY THE BEST TRIBUTO A TINA TURNER

Tina Turner é unha das voces máis singulares de todos os tempos e unha das artistas máis icónicas da música lixeira, cuxa carreira abarcou décadas e marcou xeracións, con millóns de fans en todo o mundo. Nada nos Estados Unidos e coñecida como a “raíña do Rock&Roll”, Tina Turner saltou á fama na década de 1960 como cantante principal do dúo Ike & Tina Turner Revue, antes de embarcarse nunha exitosa carreira como solista. A cantante Kika Cardoso decidiu crear, en 2019, unha homenaxe á súa diva: Tina Turner. Despois de ser a súa maior influencia musical desde a infancia e uns anos despois gañar o programa de televisión Factor X Portugal, Simply The Best estivo de xira permanente dende 2019, pero destaca a súa actuación no coliseo do Porto o 24 de maio de 2024, onde esgotaron as entradas para conmemorar “Un ano sen Tina”, que marcou o primeiro aniversario do falecemento da artista.

Simply The Best ten unha presenza regular na televisión portuguesa e a radio nacional M80, que rende a maior homenaxe nacional á súa diva. As súas aparicións con figuras públicas e a súa asistencia aos premios musicais portugueses máis importantes, tamén son aspectos salientables de 2024.

Simply The Best está formado por:

Kika Cardoso (voz) - Renato Moreira (baixo) -

Pedro Ricardo (guitarra) - Rodrigo Lino (saxofón) -

David Rato (teclados) - David Sequeira (batería).

ESPECTÁCULO FÓRA DE ABONO

PREZOS: VENTA ANTICIPADA:

Patio de butacas: 25,00 €

Anfiteatro 1: 22,00 €

Anfiteatro 2: 22,00 €

DÍA DO EVENTO:

Patio de butacas: 29,00 €

Anfiteatro 1: 26,00 €

Anfiteatro 2: 26,00 €

Xoves 26 de novembro

20:30 | Pazo da Cultura

BALLET



Todos os públicos | 120 minutos

CLASSIC STAGE

EL CASCANUECES

Un conto de Nadal. EL CASCANUECES presenta unha narración encantadora que esperta a nosa imaxinación, levándonos ao reino da fantasía. Un soño do Nadal con bonecos animados, criaturas malvadas e un heroe inverosímil: o príncipe Crebanoces.

Unha produción clásica con elementos escenográficos de increíble realismo, vestuario impresionante, accesorios elaborados con suntuosos detalles e unha gama de melodías encantadoras que conforman esta gran obra mestra do ballet clásico.

Un elenco de artistas internacionais composto por nove nacionalidades, dan corpo e alma a esta xenial e irresistible produción clásica. Unha experiencia emocionante e inesquecible. Un espectáculo único que perdurará na memoria do público.

PREZOS: ESPECTÁCULO FÓRA DE ABONO

Patio de butacas: 33,00 €

Anfiteatro 1: 25,00 €

Anfiteatro 2: 20,00 €

Sábado 28 de novembro

20:00 | Pazo da Cultura

MÚSICA



Adultos | 90 minutos | galego

DE VACAS

VACANAL SINFÓNICA

Este novo espectáculo conmemora o X Aniversario do grupo nunha revisión sinfónica dos seus grandes éxitos. Un sorprendente achegamento da música orquestral ao universo vacún que conta co traballo do compositor Lucas Rei ao mando dos pentagramas.

Do variopinto repertorio das Vacas, nace pois, unha ópera en catro actos que abarca cancións, letras e vivencias.

Baixo unha coidada dirección de escena descúbrese un mundo insólito que non por divertido e surreal é menos serio e esplendoroso.

Para esta efeméride presentan unha proposta musical de gran formato, cunha orquestra de luxo creada para a ocasión, acompañadas dun orfeón consolidado e de gran renome como é o Coro da Rá.

Todos estes elementos confluirán na escena, suliñando o carácter sinfónico dos seus grandes himnos.

Se naceron espindo as cancións para interpretalas con só tres voces e unha guitarra, agora queren revestilas coas mellores galas para celebrar así estes 10 anos de vida compartida.

PREZOS: Público xeral: 14,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudiante (ata 25 anos): 9,80 €

Domingo 29 de novembro

18:00 | Pazo da Cultura

COMEDIA



Familiar e infantil (a partir de 6 anos) | 60 minutos | galego

GHAZAFELHOS

PANXEA

(ESTREA)

Nun futuro hipotético, os continentes volven estar unidos. Pero todo é moi distinto; non hai árbores, nin libros, nin música... Nese mundo atópanse tres personaxes. Son camiñantes que veñen de distintas procedencias e comparten descanso nun mesmo lugar.

Alí atoparán un libro e recordarán a melodía das árbores; un murmurio que fala de paz, de tolerancia, da marabilla que é a vida e sabernos todas e todos parte da mesma terra. Dende ese intre, argallarán un plan para que os continentes non volvan separase.

Esta historia de Teatro Ghazafellos aborda dun xeito divertido e poético a importancia de coidar e coidarnos. Valorar os pequenos detalles, os pequenos xestos cotiáns para convivir en paz.

Dramaturxia e dirección: Pepablo Patinho

Reperto: Montse Piñón - Jorge Casas - Pepablo Patinho

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Menores de 14 anos: 5,50€

Domingo 13 de decembro

18:00 | Pazo da Cultura

NOVO CIRCO



Familiar e infantil (a partir de 5 anos) | 50 minutos

XAMPATITO PATO **COMPAÑA**

Un personaxe solitario en busca de compañía explora a súa imaxinación para dar vida a cada un dos seus pensamentos.

A través deste proceso, consegue sentirse acompañado e leva ó público por un camiño cheo de sorpresas e risas.

Este espectáculo fusiona harmoniosamente o circo co mundo das marionetas, creando imaxes e escenas que transportan ao espectador a un mundo surrealista e onírico.

O obxectivo é brindar unha experiencia agradable onde o público pode desfrutar da beleza e o humor sen preocuparse por outra cousa que non sexa deixarse levar pola emoción do momento.

Dramaturxia: Jesús Velasco Otero

Dirección: Xampatito Pato

Reparto: Jesús Velasco Otero

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudiante (ata 25 anos): 6,65 €

Menores de 14 anos: 5,50€

Mércores 16 de decembro

20:30 | Pazo da Cultura

MÚSICA GOSPEL



Todos os públicos | 90 minutos | inglés

NEW ORLEANS GOSPEL CHOIR

MARDI JASS PARTY

New Orleans Gospel Choir presenta Mardi Jass Party no Nadal do 2026, unha produción de Grandes do Gospel que recrea e estende os sons de Streets Of New Orleans, a xira europea que se estreou en Grandes do Gospel de Madrid 2023, cun repertorio que percorría a historia musical de Nova Orleans, unha das cidades icónicas da música popular internacional.

Mardi Jass Party seguirá incluíndo na súa banda sonora un bloque temático dedicado ao gospel, así como unha sección renovada de grandes éxitos vinculados á cidade e música das Brass Bands que interpretan a forma máis esencial da arte de Nova Orleans: os ritmos de Second Line.

New Orleans Gospel Choir inclúe na súa xira do 2026 un apartado especial dedicado a un dos entroidos máis multitudinarios e espectaculares do mundo, o Mardi Gras, un colorido homenaxe á alegría de vivir dunha cidade onde sempre hai música no aire.

Espírito do Entroido, Berce do Jazz, Casa do Gospel. Onde as rúas teñen nomes de cancións, Bourbon, Basin, Perdido, e os barrios están cheos de estrelas anónimas e estrelas que son lendas da música popular. Louis Armstrong, Fats Domino, Mahalia Jackson.

Mardi Jass Party é un percorrido imaxinario polas rúas da cidade do Misisipi e un repertorio orixinal no que se dan a man as tradicións musicais máis variadas, a emoción do gospel, as orixes do Jazz e o presente dos desfiles púrpuras, dourados, verdes do Mardi Gras, as cores que acabaron sendo a bandeira de Nova Orleans.

PREZOS: Público xeral: 14,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 9,80 €

Sábado 19 de decembro

20:00 | Pazo da Cultura

MÚSICA JAZZ



Todos os públicos | 90 minutos

IVÁN MELON LEWIS & THE CUBAN SWING EXPRESS **THE CUBAN SWING EXPRESS**

Considerado un dos pianistas cubanos máis influíntes da súa xeneración e gañador do Latin Grammy 2021 ao Mellor Álbum de Jazz Latino co disco "Voyager", Ivan "Melon" Lewis é un habitual en varios dos festivais e salas de jazz máis importantes a nivel mundial: San Francisco Jazz, New York Blue Note Jazz club, Washington Kennedy Center, Montreaux Jazz Festival e Festival de Jazz de Barcelona entre moitos outros.

The Cuban Swing Express é o seu máis recente proxecto. Unha agrupación integrada por 10 dos mellores e máis talentosos músicos cubanos radicados en Europa, que fixo o seu debut no teatro L'Alhambra de París en decembro de 2014 e que apostan por un son tradicional e audaz á vez.

Composicións de Pérez Prado, Benny Moré, Ernesto Lecuona, Herbie Hancock, Michael Jackson, Rolling Stones ou o propio "Melon" poden ser escoitadas no seu repertorio. Vindo dunha familia cunha ampla tradición musical, Ivan "Melon" Lewis tivo durante a súa infancia un importante referente no seu pai, o mestre Ricardo González Duquesne quen fose director da recoñecida Orquestra de Música Moderna de Pinar del Río nos anos 60.

The Cuban Swing Express baséase na sonoridade desta época pero engadindo elementos sonoros propios do noso tempo; conseguindo unha mestura musical fresca e divertida.

PREZOS: Público xeral: 18,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 12,60 €

Domingo 20 de decembro

18:00 | Pazo da Cultura

DANZA/CIRCO CONTEMPORÁNEO



Familiar e infantil (a partir de 7 anos) | 45 minutos

RAUXA

ANÓNIMOS

ANÓNIMOS é un espectáculo de danza e circo contemporáneo, sensible e poético, que nos mergulla no subconsciente dunha muller que crea a través do papel unha realidade paralela, un refuxio onírico, onde o paso do tempo se converte en efémero e lixeiro para dar lugar á nostalgia do esquecido.

Unha peza cunha innovadora posta en escena, que fusiona a danza, a acrobacia, os equilibrios e a manipulación de obxectos fantásticos e marionetas surrealistas, para nos introducir nun mundo fráxil e traxicómico que nos propón unha ollada distinta sobre a soidade.

Premio ao mellor espectáculo da Fira de Títelles de Lleida 2024

Dirección e dramaturxia: Xavi Sánchez

Interpretación: Analía Serenelli

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Menores de 14 anos: 5,50€



PAZO DA CULTURA

Concello de Narón

Rúa Holanda, s/n
Urb. Ciudad Europa
15570 NARÓN

T. 981 391 144
T. 981 102 897 (Despacho de billetes)
taquilla.pazo@naron.gal
www.padroadodecultura.es

 facebook/padroadodeculturaconcellodenaron

 @culturannaron

 @padroadodacultura

-Unha vez comezado o espectáculo (tanto ao inicio coma na segunda parte se existise un descanso), non se permite o acceso á sala, e nos casos excepcionais o acceso estaría xestionado polo persoal de sala a cargo.

-Non se pode fumar dentro do edificio, tampouco consumir bebida ou comida dentro da sala, salvo en casos excepcionais nos que así o determine a dirección do Pazo.

-Non está permitida a captación de imaxes ou son sen unha autorización previa por parte do Padroado da Cultura.

-Antes do comezo do espectáculo é imprescindible desconectar as axendas, alarmas, teléfonos móbiles ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico.

-TODA PERSOA QUE ACCEDA AO RECINTO DEBE FACELO COA SÚA ENTRADA, INDEPENDENTEMENTE DA IDADE QUE TEÑA.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



Padroado da Cultura
Concello de Narón



Deputación
DA CORUÑA

